

SAL. 001336 06.02.12 09:00

Á vista do escrito do profesor don Ángel Carracedo Álvarez, responsable do Grupo de Investigación GI-1736 (Medicina Xenómica), da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas do Master Universitario en Técnicas Estatísticas, matriculados na Universidade de Santiago de Compostela esta REITORÍA

-Considerando que o Grupo de Investigación GI-1736 (Medicina Xenómica) arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación de Master Universitario en Técnicas Estatísticas, coa finalidade de contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

#### RESOLVE


Autorizar a realización de prácticas do alumnado do Master Universitario en Técnicas Estatísticas nos laboratorios deste grupo sitos no Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS), que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 250 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos (máximo 10 créditos).
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica desta titulación de acordo coa Dirección do Grupo de Investigación de Medicina Xenómica, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas no Laboratorio de Medicina Xenómica non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión Académica do Master Universitario en Técnicas Estatísticas, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Grupo de Investigación en Medicina Xenómica nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.

- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do Grupo de Investigación en Medicina Xenómica.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Grupo de Investigación en Medicina Xenómica emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2012

O REITOR



Juan José Casares Long